

PROGRAMA ERASMUS + FP 2019-2020
Profesorado
CONVOCATORIA Abril- Xuño 2020

Profesorado ó que vai dirixido e duración

Profesorado de formación profesional que vai realizar a súa estadía de abril a decembro de 2020. Principalmente no terceiro trimestre do curso 20 - 21.

Número de becas

O IES de Ordes porá a disposición do profesorado as becas que a Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa da Xunta de Galicia lle faga chegar dentro do consorcio para o proxecto Erasmus+ KA102 "Next Station: Improving Professional Skills in Galicia III", aprobado na convocatoria de 2019

Dotación económica

A dotación económica varía en función do país de acollida e da duración da estancia, que será dun mínimo de 3 días máis dous de viaxe.

Obrigas

- O profesorado que resulte seleccionado comprométese a completar a estadía no estranxeiro na súa totalidade. No caso de non finalizala (a excepción de causas de forza maior e debidamente xustificadas) deberá devolver a axuda recibida.
- O profesorado seleccionado deberá participar activamente en todo o proceso necesario para a consecución da realización estadía: establecemento de contactos co socio no estranxeiro, elaboración do programa de traballo, obtención dos certificados correspondentes, etc.
- O profesorado que participe en mobilidades saíntes comprométese a participar nas mobilidades entrantes tanto de alumnos coma de profesores independentemente da súa familia profesional: recepción de persoal, colaborar na formación do profesorado entrante tanto na modalidade de job-shadowing como de docencia, etc. Ademais tratará na súa estadía de consolidar e ampliara rede de socios.

Solicitudes e prazo

Documento específico que se poderá atopar en secretaría. Unha vez cuberto deixarase en Conserxería á atención do departamento de Proxectos Erasmus. O prazo máximo de presentación de solicitudes é ata o 16 de decembro de 2020 (ese día incluído)

Comité de selección

Director do centro, xefe de departamento de Xestión Administrativa, xefe do departamento de Electromecánica de Vehículos Automóviles, xefa do departamento de Inglés e/ou Francés (dependendo do país elixido), coordinadora de FCT, xefe do departamento de FOL, membros do equipo de proxectos Erasmus, e xefa de departamento de orientación.

Criterios de Selección

Con criterio preferente as becas asignaranse ó profesorado que non realizara o curso anterior unha estada no estranxeiro.

1) Antigüidade no centro (máximo 3 puntos).

- a) Con data de destino definitivo anterior ó curso 2010-11: 3 puntos
- b) Con data de destino definitivo entre o curso 2018-2019 e 2010-2011: 2 puntos
- c) Con data de destino provisional: 1 punto

2) Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo (mínimo un B2): máximo 3 puntos.

Por posuír un B2: 1 punto, por posuír un C1: 2 puntos ou C2: 3 puntos

3) Competencias persoais e actitudes (máximo 1 punto).

Valoración: opinión do equipo directivo do centro sobre a idoneidade do profesorado para aplicar no centro a formación recibida.

4) Coordinación e/ou implicación en proxectos Europeos o actividades realizadas en Europa e que impliquen un traballo adicional (máximo 3 puntos).

- a) Coordinación de proxectos europeos: 3 puntos
- b) Colaboración efectiva ou probada en actuacións relacionadas con proxectos europeos: 1 punto

En caso de empate, optarase polo candidato que teña máis puntuación no idioma e despois pola antigüidade.

Estas accións están financiadas polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido deste documento é responsabilidade exclusiva do IES de Ordes e nin a Comisión Europea, nin o Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.